



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2020/G010/000011
Sesión núm. 9/2020

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 24 de setembro do 2020
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación de actas (sesións núms. 7 e 8/2020).
- 2º.- Festas locais para o calendario laboral do ano 2021.
- 3º.- Modificación da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas de hostalaría en terreos de uso público.
- 4º.- Modificación da Ordenanza fiscal número 23 Reguladora da taxa por ocupación de vía pública con mesas e cadeiras.
- 5º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 24 de agosto (núm. 1.754) ata o 18 de setembro do 2020 (núm. 1.960).
 - B.- Mocións.
 - C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 21 de setembro do 2020.